



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 8 DE ABRIL DE 2019

2.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do proxecto de expediente de reasignación da finalidade de préstamos formalizados en 2017 e 2018, asignados a varios proxectos de gasto (2017 2 EDUSI 6 E 2017 2 EDUSI 8) para o financiamento da achega municipal da anualidade 2019 do proxecto de gasto 2019 2 EDUSI 2 da "reurbanización da rúa Clara Campoamor". Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de aprobación do proxecto de expediente de suplemento de crédito co núm. 2019-SUPLE-02, para gastos devengados en 2018, con documentos xustificativos presentados en 2019, financiado con baixas por anulación. Apróbase o expediente de suplemento de crédito por un monto global de 503.764,06 euros para atender gastos devengados no exercicio 2018 con documentos xustificativos presentados formalmente no exercicio 2019, financiado con baixas por anulacións.

4.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de aprobación do proxecto de expediente de crédito extraordinario núm. 2019-CREXT-04, para gastos do exercicio 2018 (certificacións de obra), con conformidade administrativa no exercicio 2019, financiado con baixas por anulación. Apróbase o expediente de crédito extraordinario por un monto global de 206.976,23 euros para atender gastos devengados no exercicio 2018 con conformidade administrativa no exercicio 2019, financiado con baixas por anulación.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación de addenda á concesión demanial para ocupar terreos baixo o viaducto da vía do tren en Pontepedriña da liña do ferrocarril Zamora - A Coruña (PQ. 377/839). Apróbase a addenda á concesión demanial, para permitir que o aparcamento baixo o viaducto da vía do tren en Pontepedriña poida ser xestionado a través do sistema ORA, sen levar aparellada unha utilidade económica relevante para o Concello.

6.- Proposta da Alcaldía relativa á doazón á Asociación sen ánimo de lucro SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI do automóbil Volkswagen Phaeton, matrícula 6730-DLS. Acórdase doarlle á asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí o citado automóbil de titularidade municipal con destino ao seu uso polas comunidades de refuxiados de persoas saharauís nos campamentos de Tindouf